

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día sete de decembro de dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

11/766 CONTRATACIÓN MEDIANTE ACORDO MARCO E POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL (LOTE 1) E PRODUTOS DE LIMPEZA (LOTE 3) PARA O FOGAR DE TRANSEÚNTE. DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, NOVA LICITACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO ASÍ COMO DO GASTO. EXPTE 47-2016.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Técnica do Servizo de Contratación e do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 25 de outubro de 2017 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

1º.- Acordo da Xunta de Goberno Local núm. 5/832 na sesión celebrada o día 14 de decembro de 2016, polo que aprobou a contratación mediante acordo marco e por lotes da subministración de produtos de alimentación en xeral (lote 1), panadería (lote 2) e produtos de limpeza (lote 3) para o fogar do transeúnte. No mesmo acordo aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexeron na súa licitación.


2º.- Tramitación regulamentaria do expediente.

3º.- Acta da Mesa de Contratación do día 24 de xaneiro de 2017 do seguinte teor literal:

‘ASUNTO: CONTRATACIÓN MEDIANTE ACORDO MARCO E POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL (LOTE 1) PANADERÍA (LOTE 2) E PRODUCTOS DE LIMPEZA (LOTE 3) PARA O FOGAR DE TRANSEÚNTE. Exp. 47/2016. APERTURA DE OFERTAS ECONÓMICAS.

Sendo as 13:30 horas do día 24 de xaneiro de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don X. Manuel Cao Rei xefe do servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento e actuando como vocais:

Dona Elena Sánchez Picado, técnico do servizo de Servizos Sociais



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

*Don Manuel Louzao Aldariz, titular da Asesoría Xurídica
Don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral. Dona Ana Tabarés Martínez,
técnico de Contratación, Patrimonio e Fomento, actuando como secretaria da Mesa
de Contratación.*

*Atópase presente no acto de apertura en representación da Panadería de Baralla,
don Jacobo Lozano Pernas.*

*Abre a sesión o presidente da Mesa e procédese por parte da secretaria a informar
da documentación presentada por dona Fe Romero López (PAN ARTESAN DE
BARALLA) e á mercantil ROYAL MAYLINE S.L, ás que se lle deu un prazo de 3
días para a subsanación da súa documentación administrativa.*

*Para o Lote 2 dita documentación foi presentada en tempo e forma por dona
Fe Romero, sendo admitida á licitación.*

*Para o Lote 3, a mercantil ROYAL MAYLINE S.L., requirida para presentar o
compromiso de dispoñer dun establecemento permanente no termo
municipal de Lugo destinado a venda de produtos obxecto de
subministración conforme ao Anexo VI; achega dentro de prazo un Anexo VI
que non se corresponde co modelo e no que manifesta que se compromete
A cumprir o artigo 64 do TRCLSP o cal non indica a necesidade de dispor de
local no termo municipal de Lugo; polo que tendo en conta o prazo de
entrega establecido no prego técnico afirma que non ven necesidade de ter
no municipio de Lugo un Local.*

*O artigo 64 do TRCLSP establece que os órganos de contratación poderán
esixir aos candidatos ou licitadores que, ademais de acreditar a súa
solvencia ou no seu caso clasificación, se **comprometan a dedicar ou
adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais
suficientes para elo.***

*Certamente non é a Lei a que debe concretar estas esixencias senón os
pregos técnicos e de cláusulas administrativas.*

*En base a esto, os pregos de cláusulas administrativas estableceron na
cláusula quinta a esixencia de dispoñibilidade dun local ou establecemento
en Lugo (non esixindo propiedade ou posesión senón mera disposición)
sendo o Concello quen debe apreciar esa necesidade, quedando ésta
xustificada na rápida entrega de produtos por razóns de urxencia ou
conveniencia municipal que fan preciso contar cun local próximo.*

*En consecuencia os membros da Mesa acordan **excluir á empresa ROYAL
MAYLINE S.L da licitación** por non cumprir o requisito establecido na
cláusula QUINTA do prego de condicións administrativas.*

2

CSV: B4fCHhcUX+OEHrmlsbpWOw==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 2 / 54

DATAS(UTC)

14/12/2017.11:02:59

14/12/2017 11:03:00

A continuación procédese á apertura da oferta económica presentada para o Lote 2, co seguinte resultado:

*Dona Fe Romero López (PAN ARTESÁN DE BARALLA), propón como prezo do contrato para o lote 2 subministración de panadería a cantidade de **5.302,17 euros**, IVE excluído.*

Á vista do cal os membros da mesa de Contratación por unanimidade, acordan seleccionar como oferta economicamente máis vantaxosa a presentada por dona FE FOMERO LÓPEZ (Pan Artesán de Baralla).

Así mesmo os membros da Mesa de Contratación acordan respecto dos lotes 1) e 3) propoñer ao órgano de contratación o inicio dun procedemento negociado, invitan do, alomenos a3 empresas relacionadas co obxecto dos sinalados lotes (lote 1 subministración de produtos de alimentación en xeral e o lote 3 produtos de limpeza)

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto ás 14:00 horas, no lugar e data sinalados no encabezamento.'

4º.- Informe da xefa de servizo de servizos sociais de 7 de marzo de 2017 indicando as empresas que como mínimo se propón invitar no procedemento negociado para a adxudicación dos contratos dos LOTE 1 e LOTE 3.

5º.- Certificado da Tesoureira accidental de data 23 de xuño de 2017 de existencia de crédito nas aplicacións 23183.22105 e 23183.22110 por importe de 18.911,55 euros para o LOTE 1 (RC 68736) e por importe de 1.575,55 euros para o LOTE 3 (RC 68739)

6º.- Acordo da Xunta de Goberno Local núm. 13/479 de 26 de xullo de 2017 polo que se declara deserto o procedemento de licitación convocado para a CONTRATACIÓN MEDIANTE ACORDO MARCO E POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL (LOTE 1) E PRODUCTOS DE LIMPEZA (LOTE 3) PARA O FOGAR DE TRANSEÜNTE polos motivos recollidos na acta da Mesa de Contratación de data 24 de xaneiro de 2017 e se aproba unha nova contratación por procedemento negociado sen publicidade

7º.- Acta da Mesa de Contratación de 23 de agosto de 2017 do seguinte teor:

'Sendo as 13:30 horas do día 23 de agosto de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei Xefe do Servizo de contratación, patrimonio e fomento, e actuando como vocais:

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

- don Manuel Louzao Aldariz como Asesor Xurídico.
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Municipal
- dona Ana Rosa Perez, Técnico do Servizo de Servizos Sociais.
- don Manuel Angel Brea Santomé, funcionario do Xervizo de Contratación actuando como Secretario da mesa.

Procedese por parte do Presidente a lectura do informe do Negociado de rexistro onde se fai constar que a dito procedemento non se presentaron plicas.

A Mesa de contratación acorda remitir o expediente ao Servizo de Servizos Sociais para tentar averiguar as causas da ausencia de licitadores e por se fora procedente modificar a alza os prezos ou calquera outro aspecto dos pregos que promova a concorrencia.'

8º.- Informe da Xefa de Servizo de Servizos Sociais de 18 de outubro de 2017 no que comunica a información transmitida polas empresas ás que se lles invitou a participar no procedemento de contratación e que non presentaron oferta. A ausencia destas ofertas deriva basicamente da existencia nese momento de período vacacional e da estrutura empresarial que nalgún caso non lles resulta interesante participar.

En consecuencia a xefa de servizo propón que se realice unha nova licitación mediante procedemento aberto conforme os pregos anteriores agás para o LOTE 3 –PRODUCTOS DE LIMPEZA- que propón eliminar o compromiso de dispoñer dun establecemento permanente no termo municipal de Lugo.

9º.- Certificado da Tesoureira accidental de data 23 de outubro de 2017 de existencia de crédito nas aplicacións 23183.22105 e 23183.22110 por importe de 3.782,32 euros para o LOTE 1 (RC 103020) e por importe de 315,20 euros para o LOTE 3 (RC 003021)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995 de 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

4



Primeira. O artigo 145 do TRLCSP establece que as proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares.

Neste caso no procedemento seguido para a adxudicación deste contrato non se presentou oferta algúnha para o LOTE 1 (productos de alimentación en xeral) e en relación co LOTE 3 (productos de limpeza) presentouse unha única oferta por ROYAL MAYLINE que non se axustou ó establecido no prego de cláusulas administrativas xa que non achegou compromiso de adscripción de medios no termo municipal de Lugo, motivo polo que foi excluída pola Mesa de Contratación en xuntanza celebrada o 24 de xaneiro de 2017.


O artigo 170 c) do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público permite a aplicación dun procedemento negociado en casos en que tras seguirse un procedemento aberto non se presentara oferta algunha **sempre que as condicións iniciais do contrato non se modifiquen sustancialmente**

Así pois mediante acordo da Xunta de Goberno Local 13/479 se declarou deserto o procedemento e se iniciou un novo expediente para a contratación da subministración de produtos de alimentación en xeral (lote 1) e produtos de limpeza (lote 3) para o Fogar do Transeúnte mediante procedemento negociado e conforme aos pregos de cláusulas administrativas e de condicións técnicas aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 5/832 na sesión celebrada o día 14 de decembro de 2016, variando tan só nos pregos de cláusulas administrativas as cláusulas que se refirían ao procedemento aberto e prazo de licitación para axustarse ás características e esixencias dos procedementos negociados.

Logo da tramitación correspondente, a Mesa de Contratación reunida en data 23 de agosto de 2017 fai constar a inexistencia de ofertas e solicita informe á xefa de servizos e servizos sociais sobre os posibles motivos da ausencia de licitadores , quen en data 18 de outubro de 2017 informa destes motivos e propón a incoación de novo expediente mediante procedemento aberto suprimindo a esixencia dun local no termo municipal de Lugo para o caso do LOTE 3.

En consecuencia procede iniciar un novo procedemento aberto para a contratación destas subministracións e conforme ás indicacións da xefa de servizo de servizos sociais.

Segundo.- En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda parágrafo 3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local no parágrafo 3 da disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, e a normativa específica de aplicación.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.ª ANA PRIETO NIETO, Alcaldesa Presidenta en funcións e Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS), e Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar deserto o procedemento negociado convocado para a CONTRATACIÓN MEDIANTE ACORDO MARCO E POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL (LOTE 1) E PRODUCTOS DE LIMPEZA (LOTE 3) PARA O FOGAR DE TRANSEÚNTE mediante acordo da Xunta de Goberno Local 13/479 de 26 de xullo de 2017 polos motivos recollidos na acta da Mesa de Contratación de data 23 de agosto de 2017 que se dan por reproducidos a efectos da súa fundamentación.

SEGUNDO.- Aprobar a CONTRATACIÓN MEDIANTE ACORDO MARCO E POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL (LOTE 1) E PRODUCTOS DE LIMPEZA (LOTE 3) PARA O FOGAR DE TRANSEÚNTE así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación sinalada no parágrafo anterior, e que, remitidos polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a continuación literalmente se transcriben:

A) “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN MEDIANTE ACORDO MARCO E POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL (LOTE 1) E PRODUCTOS DE LIMPEZA (LOTE 3) PARA O FOGAR DE TRANSEÚNTE. EXPTE. REF. 47-2016.

ÍNDICE

- **CLÁUSULA PRIMEIRA.** OBXECTO DO ACORDO MARCO.
- **CLÁUSULA SEGUNDA.** NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DOS CONTRATOS.
- **CLÁUSULA TERCEIRA.** DURACIÓN DO ACORDO MARCO.

6



- **CLÁUSULA CUARTA.** PREZO DOS CONTRATOS. VALOR ESTIMADO.
- **CLÁUSULA QUINTA.** PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR. COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS PARA O LOTE 1
- **CLÁUSULA SEXTA.** CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.
- **CLÁUSULA SÉTIMA.** GARANTÍAS.
- **CLÁUSULA OITAVA.** ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA NOVENA.** PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA DÉCIMA.** DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.
- **CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA.** MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA.** CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.
- **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA.** ADXUDICACIÓN DOS ACORDOS MARCO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA.** FORMALIZACIÓN DOS ACORDOS MARCO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA.** EXECUCIÓN DOS ACORDOS MARCO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA.** SUBCONTRATACIÓN. CONDICIÓ ESENCIAL DE EXECUCIÓN.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA.** GASTOS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA.** CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN CON CARÁCTER DE OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA.-** RECEPCIÓ. LUGAR E PRAZO DE ENTREGA. GARANTÍA. PRAZO DE GARANTÍA.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMA.** RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA.** PAGAMENTO.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA.** PENALIDADES.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA.** EXTINCIÓ DO CONTRATO.
- **VIXÉSIMO CUARTA.-** RÉXIME DE RECURSOS.
- **ANEXO I.** DOCUMENTACIÓN GABINETE DE PREVENCIÓ DE RISCOS LABORAIS.
- **ANEXO II.** DECLARACIÓ RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓ OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓ DE INSCRICIÓ REXISTRAL.

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

- **ANEXO III.** MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores).
- **ANEXO IV.** DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGAIS E CONTRACTUALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO.
- **ANEXO V.** MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA Á OBRIGA DE TER TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE EN PLANTILLA.
- **ANEXO VI** COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS.
- **ANEXO A.** PRESENTACIÓN DE PLICAS.

PRIMEIRA. OBXECTO DO ACORDO MARCO.

É obxecto deste procedemento a celebración dun contrato de subministración instrumentalizado como acordo marco, para a entrega de forma sucesiva e por prezo unitario de produtos diversos incluídos en cada lote que a continuación se indican e conforme as características que se especifican no prego de condicións técnicas elaboradas pola xefa de servizo de servizos sociais.

O obxecto deste acordo marco fraccionase en DOUS LOTES, podendo presentarse ofertas a un, a varios ou á totalidade dos lotes:

LOTE 1: SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL.

LOTE 3: SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE LIMPEZA.

**O Lote 1 xa foi adxudicado en procedemento aberto seguido con anterioridade.*

CPV 15890000-3 Productos alimenticios diversos e alimentos secos

Con este contrato satisfácese a necesidade de atender aos usuarios/as do Fogar do Transeúnte persoas en situación de emerxencia social e sen fogar proporcionándolles aloxamento e manutención por un período limitado de tempo para o cal é preciso a subministración de alimentos e produtos de limpeza

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DOS CONTRATOS

Os contratos obxecto do acordo marco cualifícanse como contratos administrativos de subministración recollidos e regulados no artigo 9.3.a) do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), e que teñen por obxecto a subministración de forma sucesiva e por prezo unitario dos produtos de cada lote

relacionados no prego de prescricións técnicas, sen que o número total de unidades estea definido con exactitude ó tempo de celebrar o acordo marco por estar subordinadas as entregas ás necesidades do Concello de Lugo.

Para a lexislación aplicable, deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995 do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites, e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten, respecto o acordo marco e os correspondentes contratos, as prerrogativas de interpretalos, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto neste prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. DURACIÓN DO ACORDO MARCO.

O acordo marco terá unha vixencia de UN ANO, dende a data da súa formalización, podendo prorrogarse por outro período máximo anual previo acordo expreso do órgano de contratación sen que a duración total exceda de DOUS ANOS.

CUARTA. PREZO DOS CONTRATOS. VALOR ESTIMADO.

1.- O presuposto máximo de cada lote do acordo marco, calcúlase tendo en conta as cantidades estimadas de adquisición sinaladas no prego de condicións técnicas,

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

as cales non supoñen compromiso de compra por parte do Concello na súa totalidade de conformidade co artigo 9.3.a) do TRLCSP, e os prezos unitarios:

LOTE 1 . SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL

O prezo calcúlase en función das cantidades estimadas de consumo e prezos unitarios sen IVE indicados nos seguintes Anexos:

Anexo I ALIMENTACIÓN EN XERAL (NON PERECEDOIROS E OVOS).

Anexo II CAFÉS E COMPLEMENTOS.

Anexo III CONSERVAS DE PESCADO, FROITAS E VEXETAIS, SALSAS E ENCURTIDOS.

Anexo IV LÁCTEOS.

Anexo V PRODUTOS FRESCOS: CARNICERÍA E PEIXERÍA, CHARCUTERÍA, CONXELADOS DE PEIXERÍA.

Anexo VI PRODUTOS FRESCOS: HORTALIZAS, VERDURAS, FROITAS E VEXETAIS CONXELADOS.

Anexo I ALIMENTACIÓN EN XERAL (NON PERECEDEIROS E OVOS)

UNIDADE VENDA	DESCRIPCIÓN	PREZO MÁXIMO UNITARIO (SEN IVE)	CANTIDADES ESTIMADAS	TOTAL LICITACIÓN (SEN IVE)
LITRO	ACEITE REFINADO DE XIRASOL, BOTELLA DE 1 LITRO, MÁXIMO BIDÓN DE 5 LITROS	1,650 €	550	907,500 €
LITRO	ACEITE OLIVA SUAVE 0,4º BOTELLA 1 LITRO, MÁXIMO BIDÓN DE 5 LITROS	3,690 €	100	369,000 €
CAIXA	CALDO DE POLO (ESTOXO DOCE PASTILLAS)	1,840 €	23	42,320 €
QUILO	CANELA EN RAMA EN BOTE	47,220 €	0,15	7,083 €
QUILO	CANELA EN PO EN BOTE	9,810 €	0,18	1,766 €
QUILO	COLORANTE ALIMENTARIO EN BOTE	13,710 €	0,54	7,403 €
QUILO	BOTE DE FINAS HERBAS	265,000 €	0,036	9,540 €
QUILO	BOTE PEMENTA BRANCA	15,710 €	0,2	3,142 €
QUILO	BOTE PEMENTA NEGRA	10,000 €	0,4	4,000 €
QUILO	BOTE NOZ MOSCADA	47,250 €	0,075	3,544 €
QUILO	BOTE TOMIÑO	117,270 €	0,033	3,870 €
QUILO	PEMENTO DOCE	15,000 €	2	30,000 €
QUILO	PEMENTO PICANTE	15,000 €	1	15,000 €
QUILO	FARIÑA	0,450 €	35	15,750 €
QUILO	MAICENA	3,370 €	1,4	4,718 €
SOBRE	FERMENTO, SOBRES DE 16	0,350 €	16	5,600 €

10



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refº: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

	GRAMOS APROXIMADO			
QUILO	BOLSAS PAN RELADO	0,900 €	35	31,500 €
ENVASE	GALLETAS MARÍA 4 PAQUETES*200 GRAMOS ENVASES DE 800 GRAMOS	1,050 €	41	43,050 €
QUILO	SAL FINA DE MESA MARÍÑA	0,210 €	87	18,270 €
LITRO	VINAGRE VIÑO BRANCO	0,500 €	87	43,500 €
LITRO	VIÑO BRANCO TETRA BRIK	0,500 €	97	48,500 €
DOCENA	OVOS FRESCOS CLASE M (53-63 G)	1,200 €	536	643,200 €
QUILO	MACARRONS CORTADOS PAQUETES DE 1 QUILO	1,200 €	150	180,000 €
QUILO	ESPAGUETIS PAQUETES DE 1 QUILO	1,380 €	200	276,000 €
QUILO	FIDEOS MEDIANOS PAQUETES DE 1 QUILO	1,500 €	70	105,000 €
QUILO	LENTELLA PARDINA	2,350 €	200	470,000 €
QUILO	GARAVANZO EXTRA	2,000 €	60	120,000 €
QUILO	FABAS BRANCAS EXTRA	2,000 €	110	220,000 €
QUILO	ARROZ REDONDO EXTRA	0,700 €	230	161,000 €
GRAMO	BICARBONATO SÓDICO	0,003 €	400	1,200 €
GRAMO	CRAVO EN GRAN	0,023 €	40	0,920 €
TABLETA	TURRÓN BRANDO	2,000 €	40	80,000 €
TABLETA	TURRÓN DURO	2,000 €	40	80,000 €
TABLETA	TURRÓN CHOCOLATE	1,000 €	40	40,000 €
QUILO	POLVORÓN TRADICIONAL SURTIDO	3,500 €	7	24,500 €
QUILO	FIGO CUELLO DAMA	4,500 €	7	31,500 €
BOTELLA	CAVA CRISTALINO SEMI BOT 75 CL	3,000 €	18	54,000 €
BOTELLA	SIDRA ACHAMPAÑADA BOT 75 CL	1,920 €	18	34,560 €
TOTAL				4.136,936 €

Anexo II CAFÉS E COMPLEMENTOS

UNIDADE VENDA	DESCRIPCIÓN	PREZO MÁXIMO UNITARIO (SEN IVE)	CANTIDADES ESTIMADAS	TOTAL LICITACIÓN (SEN IVE)
QUILO	AZUCRE BRANCO PAQUETE 1 QUILO	0,740 €	166	122,840 €
QUILO	CACAO SOLUBLE , BOTE 900 GRAMOS APROXIMADAMENTE	2,610 €	15	39,150 €
QUILO	CAFÉ MOIDO MEZCLA PAQUETES 250 GRAMOS APROXIMADAMENTE	4,800 €	27	129,600 €

11



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: B4fCHhcUX+OEHrMlsbpWOw==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 11 / 54

DATAS(UTC)

14/12/2017.11:02:59

14/12/2017 11:03:00



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

SOBRE	TILA EN SOBRE	0,070 €	50	3,500 €
SOBRE	MANZANILLA EN SOBRE	0,070 €	100	7,000 €
TOTAL				302,090 €

Anexo III CONSERVAS DE PEIXE, FROITAS E VEXETAIS, SALSAS E ENCURTIDOS

UNIDADE VENDA	DESCRIPCIÓN	PREZO MÁXIMO UNITARIO (SEN IVE)	CANTIDADES ESTIMADAS	TOTAL LICITACIÓN (SEN IVE)
QUILO	ATÚN CLARO EN ACEITE DE XIRASOL, LATA DE APROXIMADAMENTE 650 GRAMOS NETO ESCORRIDO	8,550 €	75	641,250 €
LATA	MELOCOTÓN EN ALMIBRE LATA 480 GRAMOS NETOS ESCORRIDOS	1,650 €	236	389,400 €
LATA	PEMENTO MORRÓN LATA 250 GRAMOS PNE	0,950 €	102	96,900 €
BOTE	TOMATE FRITO BOTE 400 GRAMOS	0,650 €	466	302,900 €
LATA	SARDINILLA (XOUBA) ACEITE VEXETAL, LATA DE APROXIMADAMENTE 728 GRAMOS NETOS ESCORRIDO	7,690 €	69	530,610 €
QUILO	ATÚN EN ACEITE XIRASOL LATA APROXIMADO 240 GRAMOS NETO ESCORRIDO	13,640 €	15	204,600 €
QUILO	OLIVAS VERDES MANZANILLA DESOSADAS	5,470 €	18	98,460 €
TARRO	MAONESA, TARROS DE APROX 450 ML	0,890 €	6	5,340 €
QUILO	DOCE DE MARMELO, TERRINAS DE APROX 400 GRAMOS	2,130 €	6	12,780 €
TOTAL				2.282,240 €

Anexo IV LÁCTEOS

UNIDADE VENDA	DESCRIPCIÓN	PREZO MÁXIMO UNITARIO (SEN IVE)	CANTIDADES ESTIMADAS	TOTAL LICITACIÓN (SEN IVE)
UNIDADE	FLAN DE VAINILLA, CONTENIDO NETO 100 GRAMOS	0,130 €	944	122,720 €
UNIDADE	IOGUR SABORES, CONTIDO NETO 125 GRAMOS	0,150 €	2760	414,000 €

12



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refº: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

LITRO	LEITE SEMIDESNATADA EN ENVASES DE 1 LITRO TETRA BRIK	0,610 €	3732	2.276,520 €
QUILO	MARGARINA TERRINA 500 G.	1,700 €	2	3,400 €
			TOTAL	2.816,640 €

Anexo V PRODUTOS FRESCOS: CARNICERÍA E PEIXERÍA, CHACINERÍA, CONXELADOS DE PEIXERÍA

UNIDADE VENDA	DESCRIPCIÓN	PREZO MÁXIMO UNITARIO (SEN IVE)	CANTIDADES ESTIMADAS	TOTAL LICITACIÓN (SEN IVE)
CARNE				
QUILO	CARNE PICADA FRESCA DE COCHO	5,500 €	303	1.666,500 €
QUILO	CODILLO DE XAMÓN SALGADO (PEZAS DE APROXIMADAMENTE 800 GRAMOS)	2,200 €	56	123,200 €
QUILO	COSTELA COCHO FRESCA PRANCHA, COSTELA CARNOSA CORTADA EN TIRAS	4,500 €	500	2.250,000 €
QUILO	COSTELETAS FRESCAS DE AGULLA COCHO	3,490 €	332	1.158,680 €
QUILO	FILETES FRESCOS DE COCHO PRIMEIRA	5,000 €	319	1.595,000 €
QUILO	CARNE FRESCA MAGRA COCHO PRIMEIRA	4,290 €	176	755,040 €
QUILO	COSTELETA SALGADA COCHO	5,900 €	20	118,000 €
QUILO	RABO SALGADO COCHO	3,950 €	15	59,250 €
QUILO	ORELLAS COCHO SALGADAS	5,500 €	81	445,500 €
QUILO	PANCETA CON COSTELA SALGADA	7,700 €	313	2.410,100 €
QUILO	UNTO SALGADO	4,330 €	7	30,310 €
QUILO	POLO FRESCO LIMPO ENTEIRO	2,180 €	871	1.898,780 €
QUILO	LACÓN CURADO SEN PATA	5,250 €	14	73,500 €
QUILO	CALLOS TENREIRA VENTRE	5,950 €	6	35,700 €
QUILO	PALETA REDONDA SEN PATA COCHO FRESCA	2,000 €	38	76,000 €
QUILO	CORDEIRO FRESCO CASTELÁN AÑAGOTO APROXIMADAMENTE 11/13 QUILOS PEZA	8,950 €	30	268,500 €
CHACINERÍA				
QUILO	CHOURIZO SEMICURADO EXTRA	7,780 €	120	933,600 €
QUILO	XAMÓN YORK MAGRO FORMATO SÁNDWICH	5,330 €	32	170,560 €
QUILO	MORCILLA ASTURIANA EXTRA AFUMADA	7,900 €	26	205,400 €
QUILO	MORTADELA SICILIANA SEN OLIVAS	4,700 €	108	507,600 €
QUILO	SALCHICHAS BIG FRANKFURT	3,620 €	114	412,680 €
QUILO	SALCHICHÓN EXTRA EN LONCHAS	8,500 €	95	807,500 €

13



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: B4fCHhcUX+OEHrmlsbpWOw==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 13 / 54

DATAS(UTC)

14/12/2017.11:02:59

14/12/2017 11:03:00



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

QUILO	CHOURIZO VELA EXTRA EN LONCHAS	7,950 €	88	699,600 €
QUILO	QUEIXO GRASO MADURADO BARRA	8,850 €	72	637,200 €
QUILO	XAMÓN SERRANO CORTE	13,950 €	2	27,900 €
QUILO	PEITUGA DE PAVO AO CORTE	7,690 €	2	15,380 €
PEIXE				
QUILO	PESCADA FRESCA PINCHO (PESO APROXIMADO PEZA DE 1 A 2 QUILOS)	7,750 €	505	3.913,750 €
QUILO	POLVO CONXELADO GALEGO (DE 2 A 3 QUILOS PEZA)	12,990 €	34,1	442,959 €
QUILO	OSOS DE PEIXE SAPO	2,500 €	2,1	5,250 €
QUILO	LANGOSTINO GRANEL GRANDE	9,950 €	3,2	31,840 €
QUILO	PREPARADO PAELLA MARISCO	3,150 €	2	6,300 €
QUILO	CARNE MEXILLÓN GALEGO COCIDO CONXELADO	8,690 €	1,8	15,642 €
QUILO	BERBERECHO MEDIANO	3,190 €	1	3,190 €
QUILO	GULA CONXELADA	7,950 €	12	95,400 €
PEZA	DORADA FRESCA (PEZAS ENTRE 300-400 GRAMOS)	2,500 €	60	150,000 €
QUILO	GAMBA PELADA CONXELADA 30/50	12,910 €	2,1	27,111 €
QUILO	FILETES PESCADA SEN PEL CONXELADOS	8,600 €	2	17,200 €
TOTAL				22.090,122 €

Anexo VI PRODUTOS FRESCOS: HORTALIZAS, VERDURAS, FROITAS E VEXETAIS CONXELADOS

UNIDADE VENDA	DESCRIPCIÓN	PREZO MÁXIMO UNITARIO (SEN IVE)	CANTIDADES ESTIMADAS	TOTAL LICITACIÓN (SEN IVE)
QUILO	ALLO SECO CATEGORÍA PRIMEIRA CALIBRE MÍNIMO 62	4,590 €	16	73,440 €
QUILO	CEBOLA AO PESO CATEGORÍA 1ª 5/6 UNIDADES QUILO	1,250 €	420	525,000 €
UNIDADE	LEITUGA RIZADA OU SIMILAR PESO MÍNIMO 250 GRAMOS	0,800 €	206	164,800 €
QUILO	PATACA GALEGA EN BOLSA 5KG. APROXIMADAMENTE, CALIBRE APROXIMADO 45-80 MM	0,800 €	5483	4.386,400 €
QUILO	PEMENTO VERDE ITALIANO CAT.1ª	2,300 €	112	257,600 €
QUILO	REPOLO RIZADO PRIMEIRA (PESO MÍNIMO 1,100 GRAMOS)	0,890 €	272	242,080 €
QUILO	TOMATE ENSALADA AO PESO	1,490 €	140	208,600 €
QUILO	ZENORIAS CATEGORÍA PRIMEIRA A GRANEL	0,850 €	117	99,450 €
QUILO	CHÍCHAROS FINOS CONXELADOS EN BOLSA	1,080 €	190	205,200 €

14



QUILO	FEIXÓNS PLANOS CORTADOS EN ANACOS CONXELADOS	1,480 €	167	247,160 €
QUILO	GRELOS PRIMEIRA	1,200 €	24	28,800 €
QUILO	NAVIZA	0,900 €	30	27,000 €
QUILO	FEIXÓNS FRESCOS VERDE PLANO	2,450 €	20	49,000 €
QUILO	LIMÓN CAT.1ª	2,150 €	4	8,600 €
QUILO	MAZÁ GOLDEN GRANEL CATEGORÍA 1ª, CALIBRE APROXIMADO 65/75	1,000 €	790	790,000 €
QUILO	MELOCOTÓN/NECTARINA CATEGORÍA I, CALIBRE APROXIMADO 55	1,490 €	312	464,880 €
QUILO	LARANXA NATURAL MESA CATEGORÍA 1ª	1,090 €	582	634,380 €
QUILO	PERA CONFERENCIA CATEG 1ª CALIBRE MEDIANO	1,150 €	273	313,950 €
QUILO	PLÁTANOS DE CANARIAS AO PESO CATEGORÍA PRIMEIRA	1,990 €	376	748,240 €
QUILO	UVA MOSCATEL	1,500 €	3,5	5,250 €
QUILO	MANDARINA CATEGORÍA PRIMEIRA, CALIBRE APROX 63-81	1,690 €	15	25,350 €
QUILO	SANDIA CATEGORÍA PRIMEIRA PESO APROX PEZA 3/5 KG	0,940 €	121	113,740 €
QUILO	MELÓN CATEGORÍA PRIMEIRA PESO APROX PEZA 2/3 KG	1,470 €	10	14,700 €
			TOTAL	9.633,620 €

Resultando un orzamento máximo anual para o LOTE 1 de 41.261,65 euros excluído o IVE.

Tendo en conta que neste LOTE 1 hai produtos que teñen un IVE do 4% e outros do 10%, a efectos exclusivamente de consignación do custo total que debería asumir o concello estímase un IVE do 10% polo que o custo máximo deste lote ascende a 45.387,82 euros IVE (10%) incluído.

- LOTE 3: SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE LIMPEZA

O prezo calcúlase en función das cantidades estimadas de consumo e prezos unitarios sen IVE indicados no seguinte Anexo:

Anexo PRODUCTOS LIMPEZA

UNIDADE VENDA	DESCRICIÓN	PREZO MÁXIMO UNITARIO (SEN IVE)	CANTIDADES ESTIMADAS	TOTAL LICITACIÓN (SEN IVE)
---------------	------------	---------------------------------	----------------------	----------------------------



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

PAQUETE	SERVILLETAS DE PAPEL BRANCAS 30*30 CM (APROXIMADAMENTE) 1 CAPA PAQUETE DE 100 SERVILLETAS	0,500 €	138	69,000 €
LITRO	LAVALOUZAS MANUAL CONCENTRADO BOTELLA DE 1 LITRO	1,300 €	69	89,700 €
LITRO	AMONÍACO PERFUMADO	0,500 €	48	24,000 €
LITRO	DETERXENTE LAVALOUZAS PARA MÁQUINA USO PROFESIONAL	1,300 €	144	187,200 €
LITRO	ABRILLANTADOR PARA MÁQUINA LAVALOUZAS	1,500 €	40	60,000 €
ROLO	ROLOS DE PAPEL HIXIÉNICO INDUSTRIAL 2 CAPAS GOFRADO CON PRECORTE PAQUETES DE 18 ROLOS APROXIMADAMENTE	0,600 €	252	151,200 €
LITRO	DESINFECTANTE DE SUPERFICIES, ÁMBITO SANITARIO (BACTERICIDA E FUNXICIDA)	2,510 €	82	205,820 €
LITRO	SUAVIZANTE LIQUIDO PERFUMADO	0,900 €	164	147,600 €
QUILO	DETERXENTE EN PO PARA LAVADORA	1,300 €	200	260,000 €
BOBINA	SECAMANS AUTOCORTE DOBRE CAPA APROX 150 METRO/ROLO, MEDIDAS APROXIMADAS 24*22	1,700 €	110	187,000 €
UNIDADE	BAETAS MICROFIBRA MULTIUSOS	1,530 €	22	33,660 €
UNIDADE	PANO REIXA	0,300 €	15	4,500 €
UNIDADE	BOLSAS CONXELAR GRANDES 30*45 APROX CON ESPAZO DETALLADO PARA ROTULAR	0,050 €	900	45,000 €
LITRO	SOSA CÁUSTICA	2,050 €	5	10,250 €
ROLO	ROLO DE BOLSAS LIXO RESISTENTES, 25 LITROS, MEDIDAS 52*60 APROXIMADAMENTE	0,710 €	40	28,400 €
ROLO	BOLSAS DE LIXO COMUNIDADE EXTRAFORTES 90*115, 130 LITROS	1,980 €	55	108,900 €
PAR	GUANTES GOMA REFORZADOS CON DOBRE CAPA VARIOS TALLES	0,700 €	60	42,000 €
PACK	GUANTES DE LÁTEX CON PO BRANCO (PACK DE 100 UNID.) VARIOS TALLES	4,200 €	37	155,400 €
UNIDADE	FREGONA DE ALGODÓN BRANCO/CRU DE 250 GRAMOS	1,220 €	10	12,200 €
UNIDADE	MAQUINILLAS DE AFEITAR DESBOTABLES	0,400 €	300	120,000 €




LITRO	LIXIVIA LAVADORA	0,500 €	152	76,000 €
LITRO	LIXIVIA XERAL TODO USO	0,500 €	124	62,000 €
LITRO	LIMPIADOR CLORADO DETERXENTE LIXIVIA PERFUMADO	1,100 €	80	88,000 €
UNIDADE	ESTROPALLO DE ACEIRO INOXIDABLE 60 GRAMOS APROX/UNIDADE	1,000 €	30	30,000 €
ROLO	ESTROPALLO VERDE CALIDADE EXTRA (13 CM DE ANCHO*6 M DE LONGO) APROXIMADAMENTE	15,300 €	2	30,600 €
ROLO	FILM TRANSPARENTE E AUTOADHESIVO EN PVC DE 300 MTS*30 CMS ,USO ALIMENTARIO	4,160 €	7	29,120 €
ROLO	ROLO DE PAPEL ALUMINIO INDUSTRIAL DE 300 M* 30 CMS (APROXIMADAMENTE) APTO PARA USO ALIMENTARIO	13,000 €	12	156,000 €
BOTELLA	XEL DE BAÑO E DUCHA DERMATOLÓXICO, BOTELLAS DE 750 ML	1,000 €	150	150,000 €
BOTELLA	XABÓN DE MANS CON DOSIFICADOR (500 ML)	2,500 €	150	375,000 €
PAQUETE	TOALLAS SECAMÁNS DOBRE CAPA (150 TOALLAS/PAQUETE, APROXIMADAMENTE)	0,800 €	150	120,000 €
LITRO	DESENGRASANTE UNIVERSAL PROFESIONAL	1,500 €	20	30,000 €
UNIDADE	CEPILLO BÁSICO CON MANGO ALUMINIO PLASTIFICADO	3,100 €	6	18,600 €
QUILO	BOLSAS DE PLÁSTICO TIPO CAMISETA BRANCO SEN ROTULAR DE 50*60	4,500 €	4	18,000 €
TOTAL				3.125,150 €

Resultando un orzamento máximo anual para o LOTE 3 de 3.125,15 euros excluído o IVE.

Tendo en conta que aos produtos deste Lote 3 aplícaselles un IVE do 21% a efectos do consignación do custo total que debería asumir o concello estímase custo de 3.781,43 euros IVE (21%) incluído.

Non obstante, os prezos unitarios para cada lote serán ofertados polos licitadores que deberán achegar dentro do sobre B os **anexos de folia de cálculo (formato Excell)**, adxuntos ó prego de prescricións técnicas, anteriormente transcritos nos que se relacionan os produtos a subministrar dentro de cada lote, os prezos



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

unitarios e cantidades estimadas de consumo e do que resulta un gasto máximo total excluído o IVE.

En consecuencia, o presuposto máximo para a primeira anualidade para a totalidade dos dous lotes, ascende á cantidade de 44.386,80 euros IVE excluído.

Existe crédito na aplicación orzamentaria 23183.22105 e 23183.22110 do Orzamento vixente por importe de 3.782,32 euros para o LOTE 1 (RC 103020) e 315,20 euros para o LOTE 3 (RC 103021) debendo comprometerse a habilitar crédito para o exercizo 2018 e seguintes en caso de prórroga.

O **valor estimado do contrato** - tendo en conta o importe de tódolos lotes excluído o IVE e as posibles prórrogas - ascende a 88.773,60 euros IVE excluído.

Esta cantidade indícase unicamente a efectos de publicidade do procedemento, sen que supoña en ningún momento un compromiso de gasto por parte do Concello de Lugo.

No suposto de que, con motivo da baixa no prezo unitario dos bens a subministrar ofertado polo adxudicatario para cada lote, se producise un aforro respecto ó presuposto de licitación de cada lote, o importe do dito aforro poderá ser destinado a incrementar o número de unidades a subministrar ata igualar o correspondente presuposto de licitación. Asimesmo o valor estimado pode verse incrementado por ser maiores as necesidades do adquirente ás inicialmente previstas, de acordo co previsto no artigo 9.3.a) TRLCSP sempre previa fiscalización do expediente de gasto.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR. COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS PARA O LOTE 1

O presente contrato adxudicarase polo **procedemento aberto** previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 55 e seguintes do TRLCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.



Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as **unións de empresarios** que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuirá a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

Tendo en conta as especiais características deste contrato que esixe a rápida entrega dos produtos solicitados pola responsable municipal, de conformidade **co artigo 64 do TRLCSP esíxese PARA O CASO DO LOTE 1 o compromiso de poñer a disposición un establecemento permanente no termo municipal de Lugo destinado á venda dos produtos obxecto de subministración (ANEXO VI) que permita, de ser o caso, a compra directa dos mesmos en dito establecemento por parte dos responsables municipais, por razóns de urxencia ou conveniencia.**

Para isto as empresas licitadoras deberán presentar un compromiso de que, no caso de resultar adxudicatario do contrato, adscribirá á súa execución o dito establecemento con expresa indicación de enderezo así como descrición deste. Este establecemento poderá substituírse por outro tanto antes da adxudicación como con posterioridade sempre que reúna os requisitos adecuados para cumprir o contrato.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.

6.1.- A xustificación da **solvencia económica e financeira** poderá acreditarse mediante algún dos seguinte medios:

Co **volumen anual de negocios** (cifra de negocios por importe neto que se reflicta na conta de perdas e ganancias da conta anual) referido ao ano de maior volumen de negocio dos últimos tres anos anteriores á licitación deste contrato por **importe igual ou superior a 61.500 euros para o LOTE 1 e 4.500 euros para o LOTE 3; debendo acumularse estes importes en caso de concorrer a varios ou á totalidade dos lotes.**



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

Para a acreditación deste volume anual de negocios achegaranse as contas anuais do ano de maior volume de negocio aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil ou oficial que corresponda mediante a certificación, nota simple ou información análoga expedida polo Rexistro e que conteña as contas anuais, sempre que estea vencido o prazo de presentación e se atopen depositadas; se o último exercicio se atopase pendente de depósito, deben achegarse acompañadas da certificación da súa aprobación polo órgano competente para isto e da súa presentación no Rexistro.

Os empresarios individuais non inscritos acreditarán o volume anual de negocio por medio dos libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.

- Co **Patrimonio neto positivo ou ben ratio entre activos e pasivos** ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais **por importe superior á unidade**. Non obstante as sociedades deberán superar o importe establecido na lexislación mercantil para non incorrer en causa de disolución.

6.2 .- A solvencia técnica deberá ser xustificada do seguinte xeito:

Mediante a acreditación de experiencia na subministración de produtos alimenticios, de panadería e produtos de limpeza (en función do lote a que concorra) por importe anual acumulado no ano de maior execución durante os derradeiros cinco anos que sexa igual ou superior **28.500 euros para o LOTE 1 e 2.000 euros para o LOTE 3; debendo acumularse estes importes en caso de concorrer a varios ou á totalidade dos lotes.**

Para a súa acreditación achegarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva das subministracións realizados, descrición de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización.

Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

SÉTIMA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación de cada lote, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do

20

seguinte a aquel en que recibise o requirimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.gal).

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición mediante **unha instancia ou escrito conforme ao modelo de ANEXO A “PRESENTACIÓN DE PLICAS” que se achega ao final deste prego e que se acompañará de DOUS sobres pechados**, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, DNI/NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e fax para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA- e letra B -OFERTA ECONÓMICA E RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE.

En tódolos sobres identificarase claramente os lotes aos que concorre e o número de expediente (EXPTE. REF. 47- 2016).

As proposicións, comprensivas da instancia conforme ao modelo do Anexo A e os correspondentes sobres, presentaranse durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

das 9 ás 14 horas, de luns a venres ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en día inhábil (sábado ou festivo) prorrogarase ao seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

- a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia autentica do DNI
- b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):
 - Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.
Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.
 - Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**
Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ao efecto con anterioridade ao remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas.

3.- **Declaración responsable (conforme o modelo do Anexo III)** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de**



que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar así mesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato non tendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Advirteselles aos licitadores que a comprobación de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias co Concello de Lugo – referido ao momento de presentación de ofertas - realizarase de oficio polo que, de acreditarse a existencia de débedas co Concello, esta circunstancia suporá unha falsidade na súa declaración responsable que impedirá realizar a adxudicación ao seu favor por atoparse en prohibición para contratar.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.


O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalguna das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste último requisito, na declaración responsable do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas que deberá achegar coa certificación que se menciona nos parágrafos seguintes, inclúese un apartado a estes efectos.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

- a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.
- b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa



demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (art. 55 do TRLCSP).

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.


Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUBSTITUÍR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE (APARTADOS 1 A 6) DENTRO DO SOBRE A, UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TÓDALAS CONDICIÓN ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO IV DESTES PREGOS.

7.- Os licitadores virán obrigados a informar o convenio colectivo que será de aplicación aos traballadores vinculados ao contrato no caso de resultar adjudicatarios, así como a obriga de facilitar canta información sexa requirida sobre as condicións de traballo aplicadas efectivamente aos mesmos (incluído no modelo do ANEXO IV).

8.- Declaración responsable (conforme modelo do ANEXO V ou incluída no Anexo IV) pola que, de resultar adjudicatarios -e para o caso de que o número de traballadores en plantilla iguale ou supere a cifra de 50- obríganse a cumprir e acreditar, ante o órgano de contratación, o cumprimento da obriga sinalada no artigo 42 do Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

Nesta declaración farase constar que se asume o compromiso de acreditar o dito cumprimento durante toda a vixencia do contrato cando sexa requirido polo responsable do contrato.

A obriga establecida neste parágrafo configúrase como condición especial de execución á que se lle atribúe carácter de obriga contractual esencial de conformidade co artigo 118 cuxo incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.

No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.

9.- Compromiso – para o suposto de licitar ao LOTE 1 - de adscrición de medios materiais conforme o ANEXO VI.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por vulnerar os principios de discriminación e igualdade de trato.

O **SOBRE B, OFERTA ECONÓMICA**, conterà o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don/a, con enderezo en e DNI número....., expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou NIF número,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE ACORDO MARCO E POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL (LOTE 1) E PRODUCTOS DE LIMPEZA (LOTE 3) PARA O FOGAR DE TRANSEÚNTE. EXPTE. REF. 47-2016.**

- LOTE 1: SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL.**
- LOTE 3: SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE LIMPEZA.**

Sinalar e encher só os lotes aos que se presente.

b) Que me comprometo a executar a subministración que se derive do acordo marco de conformidade cos prezos unitarios máximos indicados na táboa de folia de cálculo formato Excell que se incorpora a esta oferta.

LOTE 1: SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL.

- O **prezo ofertado total** será de : €, IVE excluído. (Este importe debe corresponder co importe que resulte unha vez cuberta a **táboa da folia de cálculo formato Excell dos Anexos deste lote 1**, que figuran na cláusula cuarta, e que se achegará impresa dentro do sobre B debidamente cuberta en tódolos seus produtos) *

***(No perfil do contratante figurará a folia de cálculo formato Excel "ANEXOS PRODUTOS ALIMENTACIÓN" onde xa se atopan activados os recadros correspondentes para a introducción de datos e a obtención dos totais).**

- Que oferta a inclusión na relación incluída na táboa da folia de cálculo que se aporta de a lo menos **3 produtos de comercio xusto** (indicar o que proceda), número que deberá manterse durante toda a execución do contrato:

- o SI.
- o NON.

- LOTE 3: SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE LIMPEZA.

- O **prezo ofertado total** será de : €, IVE excluído. (Este importe debe corresponder ó importe que resulte unha vez cuberta a **táboa da folia de cálculo formato Excell do Anexo deste lote 3**, que figuran na cláusula cuarta, e que se achegará impresa dentro do sobre B debidamente cuberta en tódolos seus produtos) *

***(No perfil do contratante figurará a folia de cálculo formato Excel "ANEXO PRODUTOS DE LIMPEZA" onde xa se atopan activados os recadros correspondentes para a introducción de datos e a obtención dos totais).**

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

d) Que acepto que tódalas notificacións e comunicacións relacionadas con esta contratación, tanto no procedemento de licitación como durante a execución do contrato no caso de resultar adxudicatario, se realicen na **seguinte dirección de correo electrónico:** _____.

e) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS.

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

De conformidade co previsto no artigo 320 e na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP o órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será o competente para a valoración das ofertas.

Esta Mesa estará constituída por:

Presidente: Xefe do servizo de contratación ou persoal que o substitúa.

Secretario: Técnico do servizo de contratación ou persoal que o substitúa.

Vogais:

- Titular da Asesoría Xurídica ou persoal que o substitúa.
- Interventor xeral ou persoal que o substitúa.
- Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou persoal que o substitúa.
- O Secretario Xeral do Pleno ou persoal que o substitúa.
- Un técnico do servizo/departamento correspondente (xestor do gasto) ou persoal que o substitúa.

O acto de apertura do sobre B celebrárase ó **terceiro día hábil** contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.

Os **criterios de adxudicación** para a selección da empresa adxudicataria para serán os seguintes:

LOTE 1.- SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL.

-OFERTA ECONÓMICA (máximo 95 puntos).

Valorarase con 95 puntos a proposta que oferte o prezo total máis baixo para a totalidade dos produtos incluídos na **táboa da folia de cálculo formato Excell do Anexo para este LOTE 1.**

O prezo total ofertado debe corresponder ó importe que resulte unha vez cuberta a táboa de excell do Anexo e que se achegará impresa dentro do sobre B debidamente cuberta en tódolos seus produtos, e que será o resultante de sumar a totalidade dos importes obtidos ao multiplicar o prezo unitario ofertado para cada produto pola cantidade estimada do mesmo.

No caso de non cubrirse algún apartado da relación de produtos do Anexo deste LOTE 1 non se admitirá a oferta. Non se admitirán prezos unitarios superiores ós indicados para cada produto no dito Anexo de EXCELL. No caso de comprobarse que algún dos prezos ofertados supere os prezos unitarios de licitación establecidos excluírase a oferta aínda que o gasto total ofertado sexa inferior ó total orzamentado.

A proposición que oferte o prezo total máis baixo IVE excluído obterá a máxima puntuación (95 puntos) e as proposicións que presenten o prezo indicado nas táboas obterán 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

- ARTIGOS DE COMERCIO XUSTO (5 puntos)

Obterán 5 puntos aquelas empresas que oferten a inclusión de polo menos 3 artigos que contén coa certificación de comercio xusto (a oferta de máis de 3 produtos implicará igualmente a obtención de 5 puntos). Os que non oferten produtos obterán 0 puntos.

* Deberán achegar a táboa coa relación de produtos de comercio xusto que se oferten indicada no Anexo de Excell para este LOTE 1.

LOTE 3: SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE LIMPEZA.

-OFERTA ECONÓMICA (máximo 100 puntos).

Valorarase con 100 puntos a proposta que oferte o prezo total máis baixo para a totalidade dos produtos incluídos na **táboa da folia de cálculo formato Excell do Anexo para o LOTE 3**

O prezo total ofertado debe corresponder ó importe que resulte unha vez cuberta a táboa de excell do Anexo e que se achegará impresa dentro do sobre B debidamente cuberta en tódolos seus produtos, e que será o resultante de sumar a totalidade dos importes obtidos ao multiplicar o prezo unitario ofertado para cada produto pola cantidade estimada do mesmo.

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

No caso de non cubrirse algún apartado da relación de produtos do Anexo deste LOTE 3 non se admitirá a oferta. Non se admitirán prezos unitarios superiores ós indicados para cada produto no dito Anexo de EXCELL. No caso de comprobarse que algún dos prezos ofertados supere os prezos unitarios de licitación establecidos excluírase a oferta aínda que o gasto total ofertado sexa inferior ó total orzamentado.

A proposición que oferte o prezo total máis baixo IVE excluído obterá a máxima puntuación (100 puntos) e as proposicións que presenten o prezo indicado nas táboas obterán 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

PREFERENCIA EN CASO DE EMPATE:

En aplicación do establecido na disposición adicional cuarta do TRLCSP, establécese a preferencia na adxudicación deste contrato para as proposicións presentadas por empresas públicas ou privadas que no momento de acreditar a súa solvencia técnica teñan na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%, sempre que as ditas proposicións igualem nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación.

Se varias empresas licitadoras das que tivesen empatado en canto á proposición mais vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 %, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na súa plantilla.

Así mesmo e de manterse a igualdade terán preferencia na adxudicación deste contrato, en igualdade de condicións coas que sexan economicamente máis vantaxosas, as proposicións presentadas por empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social. Igualmente, resultarán aplicables os criterios establecidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN DOS ACORDOS MARCO.

A adxudicación dos acordos marco será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente as certificacións acreditativas de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

30



De conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP, o órgano de contratación requirirá ao licitador seleccionado para que, con anterioridade á adopción da proposta de adxudicación e para o caso de que non se presentase a documentación administrativa (apartados 1 a 6 da cláusula décima) dentro do sobre A, achegue a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas para ser adxudicatario do contrato.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar co Concello de Lugo será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará os contratos dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.


DÉCIMO CUARTA.- FORMALIZACIÓN DOS ACORDOS MARCO.

A formalización do acordo marco en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o acordo marco fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que se é o caso houbese esixido.

Previamente á formalización do acordo marco o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos,



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DOS ACORDOS MARCO.

1.-De conformidade co artigo 198 os contratos baseados no acordo marco adxudicaranse segundo os termos neste prego. O órgano de contratación poderá consultar por escrito ó empresario, pedíndolle, se fose necesario, que complete a súa oferta. Así mesmo e dado que os prezos unitarios do acordo marco terán carácter de máximos, estes poderán ser mellorados á baixa en función da consulta por escrito que se faga ó contratista.

En todo caso, o adxudicatario deberá comunicar ó responsable do acordo marco calquera oferta singularizada ou campaña que proxecte realizar e que mellore a calidade do produto ou do prezo, sexa para o sector público ou para o sector privado, e que resultará directamente aplicable ós pedidos efectuados polo concello de Lugo.

2.- Dado que os termos e condicións da subministración están perfectamente definidas no prego de prescricións técnicas, para a execución do acordo marco bastará que o responsable do contrato solicite, a medida que aparezan as necesidades de adquisición do produto e mediante a remisión dunha folla de pedido conforme o indicado na cláusula segunda do prego técnico, a subministración dos produtos nas cantidades necesarias.

As ofertas da empresa deberán presentarse no prazo máximo de dous días hábiles e concretarán os prezos unitarios e, se é o caso, as reducións ou descontos que procedan conforme o apartado anterior. Recibida a oferta, o órgano de contratación adxudicará o contrato conforme a normativa reguladora dos contratos menores bastando a aprobación do gasto e a incorporación da factura.

3.- As subministracións que se deriven deste acordo marco e contratos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste, dera ó contratista o responsable do acordo marco (que será a encargada do Fogar do Transeúnte) a cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

4. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.



5. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

DÉCIMO SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN. CONDICIÓN ESENCIAL DE EXECUCIÓN.

De conformidade co artigo 227 do TRLCSP a empresa contratista **non poderá** subcontratar prestacións parciais con terceiros que superen **o 60% do importe de adxudicación IVE incluído**.

O licitador deberá indicar na súa oferta a parte do contrato que teñan previsto contratar, sinalando o importe, o nome e perfil empresarial definido por referencia ás súas condicións de solvencia profesional ou técnicas.

En todo caso o contratista deberá comunicar anticipadamente e por escrito ó Concello de Lugo a súa intención de celebrar subcontratos o seu importe e identidade do subcontratista.


A falta de comunicación da celebración de subcontratos así como a infracción dos requisitos establecidos no artigo 227.2 do TRLCSP dará lugar á imposición de penalidade de ata o 50% do importe do subcontrato.

Aos efectos do artigo 223.h) del TRLCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución desta obra poderá dar lugar á resolución deste contrato.

De conformidade co artigo 228 bis do TRLCSP o Concello de Lugo poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos do contratista cos seus subcontratistas e subministradores. En consecuencia o contratista está obrigado a pagar ós subcontratistas e/ou subministradores os prezos pactados nos prazos legalmente establecidos e xustificar esta circunstancia ó Concello de Lugo cando así se requira.

Esta obriga ten a consideración de **condición esencial de execución** e o seu incumprimento dará lugar á imposición de penalidades previstas neste prego así como á resolución do contrato de conformidade co artículo 223.h) del TRLCSP.

A subcontratación de prestacións obxecto do contrato por parte do contratista non poderá ser causa para eludir o cumprimento por parte deste último das condicións especiais de execución nin de ningunha obriga establecida nos pregos reguladores da contratación.



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

O contratista principal asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ao Concello, conforme ao estipulado nos pregos e nos termos do contrato, e neste sentido e respecto das subcontratacións que puideran concertarse será o responsable último do cumprimento polos subcontratistas das obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes.

As obrigas establecidas neste parágrafo configúranse como condicións especiais de execución ás que se lles atribúe carácter de obrigas contractuais esenciais de conformidade co artigo 118, podendo dar lugar o seu incumprimento á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.

DÉCIMO SÉTIMA. GASTOS.

Os gastos de anuncios de licitación serán por conta dos contratistas (o importe indícase no propio anuncio), así como os que se deriven dos embalaxes, portes, certificados, etc.

O contratista estará así mesmo obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO OITAVA.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN CON CARÁCTER DE OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.

18.1.- O/os contratista/s están obrigados a **cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral, en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes. As obrigas establecidas neste parágrafo configúranse como condicións especiais de execución ás que se lles atribúe carácter de obrigas contractuais esenciais de conformidade co artigo 118, podendo dar lugar o seu incumprimento á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.**

Para o cumprimento desta obriga deberá manter actualizado en todo momento ao longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ao corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato non escusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

18.2.- Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais así como do RD 171/2004, 30 de xaneiro, en materia de coordinación de actividades empresariais, deberá remitir ao Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Lugo con carácter previo ao inicio da prestación de que se trate, a seguinte documentación:

- Listado sobre os riscos específicos das actividades que poidan afectar aos traballadores do Concello e doutras empresas.
- Certificado de modalidade preventiva.
- Certificados de formación respecto dos traballadores que vaian a prestar os seus servizos nos centros do Concello tal e como se establece no artigo 19 da Lei 31/1995.
- Documentación que xustifique que se cumpre coas obrigas de información respecto dos traballadores que vaian a prestar os seus servizos nos centros de traballo do Concello.
- Documentación que certifique que se garante aos traballadores que vaian a prestar os seus servizos en centros do Concello a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao posto de traballo, de non ser necesario documento que acredite a renuncia ao mesmo.

Toda a documentación arriba indicada non sería de aplicación no caso de autónomos sen traballadores por conta allea ao seu cargo.

No caso de autónomos sen traballadores por conta allea ao seu cargo, deberán aportar a seguinte documentación:

- NIF do autónomo.
- Xustificante de pago á Seguridade Social por parte do autónomo.
- Informe dos riscos e as medidas preventivas do posto de traballo que vai a desempeñar nos centros de traballo do Concello.

E durante os traballos, no caso de producirse:

- Relación dos traballadores que asistirán ás instalacións do Concello.
- Comunicación ao Concello sobre os accidentes de traballo que se produzan como consecuencia dos riscos das actividades concorrentes.

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

- Comunicarase toda situación de emerxencia susceptible de afectar á saúde ou á seguridade dos traballadores das empresas presentes no centro de traballo.

No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. O non mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase **ANEXO I** ao presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ao Concello.

O incumprimento das obrigas sinalada nesta cláusula ou calquera outra que lle veña imposta polo carácter de empregador ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por él non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó Concello de Lugo por toda cantidade que se vira obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se impoña por resolución xudicial ou administrativa.

18.3.- O/os contratista/s adxudicatario deberá acreditar, cando sexa requirido polo responsable do contrato, o **cumprimento da obriga sinalada no artigo 42 do Real Decreto Legislativo 1/2013 de 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade** e da súa inclusión social que esixe ás empresas con 50 ou máis traballadores ao cumprimento da obriga de ter empregados, durante a vixencia do contrato, traballadores con discapacidade nun 2%, polo menos, da plantilla da empresa.

En caso de ser requirido, a empresa achegará un certificado no que conste o número de traballadores en plantilla e a porcentaxe de traballadores con discapacidade podendo ser requirido para a presentación doutra documental a maiores que se estime necesaria para comprobar o cumprimento desta obriga.

A obriga establecida neste parágrafo configúrase como **condición especial de execución á que se lle atribúe carácter de obriga contractual esencial de conformidade co artigo 118 cuxo incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.**

18.4.- O contratista non poderá modificar as condicións salariais -nin á baixa nin á alza- dos traballadores por decisión unilateral da empresa, agás que esta modificación sexa consecuencia dun proceso de negociación colectiva coas consecuencias sobre o prezo do contrato que de seguido se establecen. No caso de que a aprobación dun novo convenio sectorial supuxese unha diminución dos custos salariais, o Concello procederá á redución do prezo do contrato, tras a elaboración do oportuno estudio económico. Terá a consideración igualmente de causa que pode dar lugar a unha modificación prevista do contrato o feito de que



durante a execución deste contrato fose negociado e aprobado un novo convenio colectivo na empresa contratista que supuxese unha diminución do custo do persoal adscrito á execución do contrato respecto ó convenio colectivo de aplicación pola empresa no momento da licitación do contrato. Neste caso, o Concello procederá á redución do prezo do contrato, tras a elaboración do oportuno estudo económico.

A obriga establecida neste apartado configúrase como unha condición especial de execución de conformidade co artigo 118 do TRLCSP e ó que se lle atribúa carácter de obriga contractual esencial dando lugar o seu incumprimento á resolución do contrato (artigo 223.f) ou ben á imposición de penalidades (artigo 212).

Ademais das condicións especiais de execución anteriormente sinaladas, aos efectos do establecido **no artigo 223.f) do TRLCSP** as restantes obrigas establecidas nesta cláusula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** e o seu incumprimento dará lugar a resolución.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

DÉCIMO NOVENA.- RECEPCIÓN. LUGAR E PRAZO DE ENTREGA. GARANTÍA. PRAZO DE GARANTÍA.

O lugar e o prazo de entrega das mercancías realizarase conforme ó sinalado a tal efecto na **cláusula segunda do Prego de Prescricións Técnicas**.

Os gastos de entrega e transporte ata o lugar indicados serán por conta do contratista. O Concello de Lugo non será responsable dos vicios ou defectos dos vehículos motivados pola entrega sen previo aviso. A mora do adxudicatario non precisará de previa intimación por parte do Concello.

O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados ós bens antes da súa entrega ó Concello.

No momento da entrega acompañarase o correspondente albarán. Se os bens non estivesen en estado de ser recibidos farase constar así nun acta e daranse as instrucións oportunas ó contratista para que subsane os defectos observados ou se proceda a un novo subministro de conformidade co pactado.

Establecese un prazo mínimo de garantía de un ano contado a partir da data de subministración do/s produto/s. Durante este prazo o adxudicatario está obrigado a substituír, corrixir ou reparar os elementos que presenten defectos de fabricación, instalación ou funcionamento.

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

VIXÉSIMA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS.

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ao Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente ao presente prego, ao de prescricións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no TRLCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ao contrato, presentárase, **previamente á formalización** do acordo marco, un seguro de responsabilidade civil para a actividade obxecto do contrato con inclusión da responsabilidade civil patronal e da responsabilidade civil productos-alimentos subministrados que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato tanto para traballadores como para persoas usuarias por un valor mínimo de 1.000.000 euros por sinistro, sendo o sublímite por vítima de 300.000 euros así como copia dos recibos ingresados en relación coa dita póliza.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sixilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o obxecto da contratación.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase contra facturas mensuais, co cumprimento dos requisitos e formalidades establecidas na **cláusula sexta do prego de prescricións técnicas**, unha vez efectuados os controis regulamentarios e conformadas pola responsable do contrato e mailo concelleiro da área xestora.

As facturas deberán ter un formato electrónico e presentarse a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACe: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os códigos asinados ao Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:

38

Oficina Contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo.
Órgano Xestor: LA0005479. Benestar Social, Igualdade e Inclusión
Unidade Tramitadora: LA0005509. Fogar do Transeúnte

Aos efectos sinalados no artigo 218 do TRLCSP, entenderase cumprida a notificación fehaciente do acordo de cesión relativa á transmisión do dereito de cobro, previa solicitude expresa do interesado, pola toma de razón dos responsables municipais no documento xustificativo do gasto debidamente aprobado polo órgano competente.

VIXÉSIMO SEGUNDA. PENALIDADES.

Impoñeranse penalidades ós contratistas cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

a) **Por incumprimento das condicións especiais de execución.** O incumprimento das condicións especiais de execución e obrigas contractuais establecidas na **cláusula décimo sexta e décimo oitava que se configuran como obrigas contractuais esenciais** poderá dar lugar á imposición de penalidades cando esta medida alternativa á resolución do contrato contribúa a satisfacer en maior medida o interese público ou de protección dos traballadores permitindo a continuación da execución do contrato.

Como regra xeral, a contía da penalidade será do 1% do importe de adjudicación do contrato (IVE incluído) para a primeira anualidade, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento ou desobediencia ás instrucións poderá terse en conta para avaliar a gravidade.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ao tempo da terminación do contrato.

b) Por incumprimentos contractuais ou cumprimento defectuoso.

De conformidade co artigo 212 do TRLCSP **o incumprimento defectuoso do contrato dará lugar á imposición de penalidade.** Entendese por incumprimento defectuoso o incumprimento ou defectuosa execución das obrigas sinaladas no prego de prescricións técnicas así como ás condicións da súa oferta.

De conformidade co artigo 212 do TRLCSP **o incumprimento defectuoso do contrato** poderá dar lugar á imposición de penalidades, sendo o seu importe do 1% do importe de adjudicación do contrato IVE incluído, agás que, motivadamente, o

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, podendo neste caso acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

c) Por incumprir as obrigas, condicións e demais requisitos para a subcontratación establecidos no artigo 227 do TRLCSP.

O importe da penalidade será de ata o 50% do importe do subcontrato.

d) Por demora.

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, tivese incorrido en **demora respecto ao cumprimento dos prazos de entrega** a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

As penalidades faranse efectivas mediante dedución das cantidades que deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse das facturas correspondentes.

No procedemento que se tramite ao efecto darase audiencia ao contratista, practicarase a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos e observaranse as garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, no que resulte aplicable.

A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación.

VIXÉSIMO TERCEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 299 do TRLCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecidas no prego de prescricións técnicas que terán o carácter de obrigas contractuais esenciais.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224, 225 e 300 do TRLCSP.

Aos efectos do artigo 223.f) do TRLCSP considéranse **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula décimo sexta e décimo oitava destes pregos.

A los efectos del artículo 223.h) do TRLCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución desta obra poderá dar lugar á resolución deste contrato.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ao contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen prexuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e prexuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

VIXÉSIMO CUARTA.- RÉXIME DE RECURSOS.

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ao da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

ANEXO I

DOCUMENTACIÓN GABINETE DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA
--

NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSONA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.

2º **COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO**
 * Xuntar a acta de Constitución.

3º **TRABALLADOR DESIGNADO**
 Nome e Apelidos:
 Cargo:

NOME EMPRESARIO: SELO DA EMPRESA
 D.N.I.:
 SINATURA:
 DATA:

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL.

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN MEDIANTE ACORDO MARCO E POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL (LOTE 1) E PRODUCTOS DE LIMPEZA (LOTE 3)**

PARA O FOGAR DE TRANSEÚNTE. EXPTE. REF. 47-2016 declaro baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ao Rexistro con data, manténdose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ao corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de

Asdo.

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores).

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN MEDIANTE ACORDO MARCO E POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL (LOTE 1) E PRODUCTOS DE LIMPEZA (LOTE 3) PARA O FOGAR DE TRANSEÚNTE. EXPTE. REF. 47-2016 declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

Que a empresa se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ao corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimesmo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGAIS E CONTRACTUALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO.

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa.....con CIF, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN MEDIANTE ACORDO MARCO E POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL (LOTE 1) E PRODUCTOS DE LIMPEZA (LOTE 3) PARA O FOGAR DE TRANSEÚNTE. EXPTE. REF. 47-2016** declaro baixo a miña responsabilidade:



1º.- Que o asinante desta declaración como representante da empresa así como a compañía mercantil á que represento reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo o servizo de referencia, en particular o cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica esixibles na Lei* e no prego de cláusulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.

** En caso de basearse a solvencia en capacidade doutras empresas (integración da solvencia por medios externos) deberá identificar a dita entidade.*

2º.- Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.


3º.- Que a empresa se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ao corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

4º.- Que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

5º.- Que o asinante desta declaración, a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma non interviñeron en negociación e/ou acordo algún para falsear a competencia e que non ten coñecemento da existencia dun posible conflito de intereses debido a súa participación neste procedemento de contratación

6º.- Que o convenio colectivo que será de aplicación aos traballadores vinculados ao contrato no caso de resultar adxudicatario será o seguinte:
....., así mesmo, comprométese a facilitar canta información sexa requirida sobre as condicións de traballo aplicadas efectivamente aos mesmos.

7º.- Que asumo durante a vixencia do contrato a obriga de ter empregados traballadores discapacitados nun 2 por 100 polo menos da plantilla da empresa, se ésta acada un número de 50 ou máis traballadores, de acordo co artigo 38.1 da Lei



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

13/1982, de 7 de abril, de Integración Social de Minusválidos ou a obriga de adoptar as medidas alternativas establecidas no R.D. 364/2005, de 8 de abril. (No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.) e que acreditarei o cumprimento da dita obriga cando sexa requirido para elo e en calquera momento durante a vixencia do contrato, mesmo antes da devolución da garantía definitiva.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO V

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA Á OBRIGA DE TER TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE EN PLANTILLA.

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN MEDIANTE ACORDO MARCO E POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL (LOTE 1) E PRODUCTOS DE LIMPEZA (LOTE 3) PARA O FOGAR DE TRANSEÜNTE. EXPTE. REF. 47-2016** declaro baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que asumo durante a vixencia do contrato a obriga de ter empregados traballadores discapacitados nun 2 por 100 polo menos da plantilla da empresa, se ésta acada un número de 50 ou máis traballadores, de acordo co artigo 38.1 da Lei 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social de Minusválidos ou a obriga de adoptar as medidas alternativas establecidas no R.D. 364/2005, de 8 de abril.*

** No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.*


2º.- Que acreditarei o cumprimento da dita obriga cando sexa requirido para elo e en calquera momento durante a vixencia do contrato, mesmo antes da devolución da garantía definitiva.

..... de..... de.....
 (Lugar, data e sinatura do licitador)

**ANEXO VI
 COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS PARA O LOTE 1**

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN MEDIANTE ACORDO MARCO E POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL (LOTE 1) PARA O FOGAR DE TRANSEÜNTE. EXPTE. REF. 47-2016** comprométome a adscribir á execución do contrato un establecemento permanente no termo municipal de Lugo dedicado á venda dos produtos obxecto de subministración ubicado en (indicar enderezo)

..... de..... de.....
 (Lugar, data e sinatura do licitador)

 Concello de Lugo		
ANEXO A "PRESENTACIÓN DE PLICAS"		
DATOS DO LICITADOR		
NOME DA EMPRESA (Se é empresario individual indicar nome e apelidos)		
ENDEREZO:		
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	DOCUMENTO DE IDENTIDADE:

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese. O enderezo para os efectos de notificación será o consignado na solicitude como actual.	<input type="checkbox"/> DNI	<input type="checkbox"/> TARXETA
	<input type="checkbox"/> PASAPORTE	<input type="checkbox"/>
	NIE	
	NÚMERO	LETRA

REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de que a persoa interesada actúe por medio de representación legal):

NOME:	1º APELIDO:	2º APELIDO:
DOC. IDENTIDADE:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:		

PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN AO CAL CONCORRE

EXPTE. REF.: 47-2016
DENOMINACIÓN: CONTRATACIÓN MEDIANTE ACORDO MARCO E POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL (LOTE 1) E PRODUCTOS DE LIMPEZA (LOTE 3) PARA O FOGAR DE TRANSEÚNTE.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

SOBRE A: documentación administrativa.
SOBRE B: oferta económica.

Lugo, _____ de _____ de
A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lugo infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello."

B) "PREGOS DE PRESCRIPCIÓNES TÉCNICAS QUE REGULAN A SUBMINISTRACIÓN DE ALIMENTOS E OUTROS PRODUTOS PARA AS INSTALACIÓNES MUNICIPAIS FOGAR DO TRANSEÚNTE (ALBERGUE MUNICIPAL)

O artigo 1 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece que os poderes públicos galegos deben garantir como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas ós servizos sociais que lles correspondan en

función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social.

Asimesmo dita Lei no seu artigo 2 define os servizos sociais como o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e a participación social de toda a poboación mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos establecidos na Lei de servizos sociais.

Coa finalidade de cumprir co exposto o Concello de Lugo dentro dos seus equipamentos conta co Fogar do Transeúnte, equipamento propio dos servizos sociais do Concello de Lugo adscrito á Área de Benestar Social Igualdade e Inclusión, a dita instalación ten a consideración de albergue, dado que o seu obxecto é procurar aloxamento temporal a persoas en situación de emerxencia social, persoas transeúntes e persoas que están sen fogar, proporcionándolles aloxamento e manutención por un período limitado de tempo.

O Fogar do Transeúnte atópase na r/ Deputación, nº 12 de Lugo e o modo de xestión de dito centro realízase de xeito directo. O servizos que está a prestar son os seguintes: servizo de aloxamento con manutención, servizo de manutención , servizo de hixiene e servizo de lavandería .

O servizo de manutención inclúe a obriga de atender as necesidades de alimentación entendendo por tales o almorzo, o xantar (menú) e a cea. Ademais das persoas usuarias do centro, poderán utilizar o servizo de comedor familias en situación de problemática conxuntural cando a/o correspondente profesional de referencia o considere como recurso complementario axeitado a súa situación, e cando teñan asignado este servizo familias con menores a cargo poderán optar por recoller a comida e levala para a casa.

En consecuencia, propónselle ao Servizo de Contratación a tramitación de expediente de contratación para subministración de alimentos e outros produtos para as instalacións municipais Fogar do Transeúnte (Albergue Municipal), tendo en conta as seguintes consideracións, que serán esixibles para todos os lotes:

CLÁUSULA PRIMEIRA.- CARACTERÍSTICAS E OBXECTIVOS DO SERVIZO.

O obxecto deste procedemento é a contratación da subministración de alimentos e outros produtos para o centro municipal FOGAR DO TRANSEÚNTE, equipamento propio dos servizos sociais do Concello de Lugo adscrito á Área de Benestar Social Igualdade e Inclusión.

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

Os produtos e as cantidades que deberá suministrar a adxudicataria son os que requira o persoal municipal encargado da subministración ao Fogar do Transeúnte en función das cantidades que estime conforme a demanda de persoas usuarias, e os pedidos estarán relacionados cos produtos identificados nos correspondentes arquivos de Excel.

A identificación dos produtos para subministrar dentro de cada lote así como as cantidades estimadas son as que figuran no arquivo de Excel anexos a este prego.

As cantidades de consumo para cada Lote son estimadas, polo que non supoñen obriga para o Concello da súa adquisición, aboándose exclusivamente os prezos correspondentes ao número de unidades efectivamente subministradas en cada lote. As categorías de produtos e a súa identificación non teñen un carácter cerrado, senón que poderán adquirir outro tipo de produtos de similares características cando as circunstancias o fagan necesario e a adxudicataria dispoña deles.

Non obstante, se ao final de cada anualidade se observase, en relación con cada un dos lotes, que a diferenza económica entre os produtos realmente solicitados nese ano e os estimados inicialmente non acada o 80 %, a empresa adxudicataria poderá solicitar a rescisión do contrato, sen que tal causa supoña perda da garantía definitiva depositada.

Prezo: O prezo máximo de cada produto dos incluídos nos correspondentes ANEXOS será aquel que figura na oferta da empresa que resulte adxudicataria para o cal as empresas licitadoras deberán cumprimentar os ditos anexos de Excel, na columna de prezos unitarios de cada produto.

CLÁUSULA SEGUNDA.- XESTIÓN DOS PEDIDOS, LUGAR E PRAZO DE ENTREGA

As entregas realizaranse, tras a petición do persoal municipal encargado da subministración ao Fogar do Transeúnte. Os pedidos realizaranse a través de teléfono ou correo electrónico, polo que a adxudicataria deberá de dispor durante a duración do contrato dunha liña de teléfono e dun correo electrónico de referencia para a súa utilización como medio de comunicación de pedidos e incidencias por parte do persoal municipal.

A empresa adxudicataria comprométese a entregar no Fogar do Transeúnte sito na R/ Deputación, nº 12 , de Lugo, os pedidos solicitados conforme aos seguintes prazos de entrega:

Lote 1: a entrega realizarase 3 veces á semana, de luns a venres, en horario das 9.00 ás 12.00 horas tras a petición do persoal municipal adscrito ao Fogar do Transeúnte.

Lote 3: a entrega realizarase unha vez cada 15 días, de luns a venres, en horario das 9.00 ás 12.00 horas, tras a petición do persoal municipal adscrito ao Fogar do Transeúnte.



Non obstante, naqueles supostos de extraordinaria e urxente necesidade, debidamente motivada e sempre que se trate de produtos incluídos nos anexos, a empresa deberá entregar o pedido nun prazo máximo de tres horas dende a recepción do pedido.

CLÁUSULA TERCEIRA.- MEDIOS DISPOÑIBLES POLA ADXUDICATARIA

A empresa adxudicataria do LOTE 1 deberá contar con establecemento permanente no termo municipal do Concello de Lugo dedicado á venda dos produtos obxecto de contratación.

A empresa adxudicataria asumirá a disposición de persoal suficiente, incluído o persoal conductor, para atender o servizo. Deberá reunir todos os requisitos esixidos na lexislación vixente en materia de manipulación de alimentos e calquera outra exixible e que permita realizar o obxecto do contrato. .

O persoal que se empregue non terá ningún tipo de relación laboral, contractual ou de natureza ningunha co Concello de Lugo, e a empresa deberá ter debidamente informado ao seu persoal desta cuestión, e fará constar expresamente esta circunstancia nos contratos de persoal que subscriba.

Na prestación dos servizos para contratar, a empresa contratista comprométese a respectar, nas relacións co seu persoal traballador, a lexislación laboral, de seguridade social e os convenios colectivos de aplicación.

Así mesmo, a empresa adxudicataria acepta someterse aos controis e inspeccións que determinen os servizos de inspección e /ou sanitarios.

A empresa adxudicataria disporá de unidades móbiles para a correcta prestación do servizo, segundo as seguintes especificacións:

Vehículos adaptados para transportar os alimentos en axeitadas condicións de hixiene e seguridade, frigorífico ou isoterma para os produtos frescos, cumprindo as normas hixiénico-sanitarias e que eviten calquera tipo de contaminación dos alimentos, garantíndose as ditas condicións en toda a cadea de transporte dende a orixe ata o punto de destino.

Vehículos en número suficiente que garanta a repartición da subministración en tempo e no lugar establecido.

Os vehículos utilizados para o transporte disporán dun sistema de refrixeración que permita transportar os alimentos cunhas condicións específicas de temperatura (garantindo a súa integridade e esterilidade).

Os gastos de desprazamento e de mantemento dos ditos vehículos serán por conta da empresa adxudicataria.

CLÁUSULA CUARTA.- CONDICIÓN E REQUISITOS HIXIÉNICO-SANITARIAS E DE CALIDADE DOS PRODUTOS SUBMINISTRADOS OBXECTO DO CONTRATO



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

A empresa adxudicataria queda obrigada ao cumprimento de todas as disposicións vixentes que afecten ao obxecto do contrato e, en particular, as disposicións vixentes en materia hixiénico-sanitaria, de produción e comercialización dos produtos, e deberá cumprir a normativa vixente e referente ao etiquetado e presentación dos produtos. Naqueles lotes que proceda, deberán estar inscritas no correspondente rexistro xeral sanitario de empresas e establecementos alimentarios.

Os produtos subministrados deberán cumprir todas as normas hixiénico-sanitarias legalmente esixibles e aplicables na orixe, elaboración, composición, manipulación e conservación, así como na distribución e transporte, e deberán cumprir os estándares de calidade de aplicación habitual nos produtos para subministrar, identificándose coa correspondente etiqueta, cumprindo coas normas de comercialización vixentes.

As empresas adxudicatarias deberán dispor de procedementos de control de calidade, de xeito que se garanta que os produtos subministrados non alcanzaron a data de caducidade indicadas na súa embalaxe de fábrica ou orixe ou calquera outra que resulte de aplicación, que non sufriron danos ou defectos, que non foron danados, conservando o seu grao de frescura e a súa integridade, que non foron infectados ou manipulados, que se almacenaron e transportaron a temperatura axeitada, e que en definitiva son aptos para o consumo humano no momento da súa subministración e entrega.

A Administración municipal resérvase a comprobación, no momento da recepción, da calidade dos produtos subministrados, e no caso de desconformidade ou discrepancia comunicaráselle a correspondente incidencia á empresa adxudicataria para súa resolución e/ou emenda.

CLÁUSULA QUINTA.- DESIGNACIÓN DE PERSOAL COORDINADOR

Para a correcta coordinación do servizo, a entidade adxudicataria de cada un dos lotes asignará **un/unha delegado/a ou responsable do contrato** que será a persoa responsable da coordinación. Manterá constantemente informado ao persoal técnico municipal responsable da marcha do servizo coa finalidade de lograr unha axeitada implantación e realización do servizo, e que deberá estar localizable de xeito permanente, que será o/a responsable do contrato e o seu desenvolvemento, así como de todo o persoal da empresa asignado ao contrato.

CLÁUSULA SEXTA.- FACTURACIÓN E FORMA DE PAGAMENTO

A cada entrega de produtos acompañarase un xustificante de entrega ou albarán no que se detallaran os artigos comprendidos na entrega, coas súas respectivas unidades, prezos unitarios, tipo, contía do IVE.

Se unha determinada entrega de produtos non se corresponde de forma exacta e completa coa relación de produtos obxecto do pedido que motivou a dita

entrega, farase constar e comunicáraselle á empresa adxudicataria indicando a relación de produtos solicitados pendentes de entrega.

O albará deberá ser selado e asinado pola persoa responsable do departamento receptor do pedido. As facturas, que se emitirán mensualmente, deberán facer mención ós albarás correspondentes.

O pago do servizo efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter mensual e nelas deberá facerse constar:

Relación de produtos subministrados identificando tipo, cantidades entregadas e prezo de cada un deles.

As ditas facturas deberán ser conformadas pola responsable do Albergue Municipal.

CLÁUSULA SETIMA.- RESPONSABILIDADE CIVIL

A entidade adxudicataria deberá presentar, antes da sinatura do contrato;

-Copia da póliza de responsabilidade civil xeral para a actividade obxecto do contrato con inclusión da responsabilidade civil patronal e da responsabilidade civil productos-alimentos suministrados que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato tanto para traballadores como para persoas usuarias, por un valor mínimo de 1.000.000 euros por siniestro, sendo o sublímite por vítima de 300.000 €.

-Copia recibos ingresados en relación ás pólizas de referencia.
Ademáis dos seguros obrigatorios por lei pola prestación da actividade obxecto do contrato.”

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 3.782,32 euros para o LOTE 1 (RC 103020) e por importe de 315,20 euros para o LOTE 3 (RC 103021) con cargo ás aplicacións 23183.22105 e 23183.22110 do Orzamento para o exercicio 2017 debendo comprometese a habilitar crédito para o exercicio 2018 e seguintes en caso de prórroga.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x520110766

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2017

da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.